

Convocatoria da Comisión Informativa de Cooperación, Infraestruturas e Medio Rural para o día 17 de marzo de 2021.

De conformidade co acordado polo Pleno da Deputación Provincial na sesión extraordinaria de organización do 16 de xullo de 2019, durante o mandato 2019-2023 a Comisión Informativa de Cooperación, Infraestruturas e Medio Rural, debe realizar sesión ordinaria os mércores da semana anterior á realización do Pleno ordinario de cada mes.

Polo exposto, DISPOÑO:

Convocar a Comisión Informativa de Cooperación, Infraestruturas e Medio Rural en sesión **ordinaria**, para o **día 17 de marzo de 2021**, ás 18:00 horas, mediante o sistema de videoconferencia, a través do seguinte enlace:
<https://call.lifefizecloud.com/6339643>

A orde do día é a seguinte

1. 2021/15Z/CI NEGOCIADO DE SECRETARÍA XERAL

Aprobación da acta da sesión anterior, correspondente á ordinaria do día 17 de febreiro de 2021.

2. 2018/4913K PRESIDENCIA

Expropiación forzosa para a execución das obras do proxecto de acondicionamento de intersección entre as estradas provinciais OU-0210 e OU- 0211, no termo municipal de Quintela de Leirado.

3. 2021/3157K PRESIDENCIA

Aprobación da addenda ao convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, a Federación Galega de Municipios e Provincias e as deputacións provinciais, en materia de emerxencias e prevención e defensa contra incendios, para o desenvolvemento dos grupos de emerxencia supramunicipais.

4. 2020/25750Y PRESIDENCIA

Establecemento dun novo prazo de dez (10) días hábiles para presentación de solicitudes de adhesión ao Programa de cooperación cos concellos e mancomunidades

para a realización de actuacións de limpeza das marxes das redes viarias municipal e provincial no exercicio 2021

5. 2020/26358Q PRESIDENCIA

Establecemento dun novo prazo de dez (10) días hábiles para a presentación de solicitudes de adhesión ao Programa provincial de cooperación cos concellos en materia de empregabilidade para o exercicio 2021.

6. 2020/25808H PRESIDENCIA

Establecemento dun novo prazo de dez (10) días hábiles para a presentación de solicitudes de adhesión ao Programa provincial de cooperación cos concellos en materia de mocidade para o exercicio 2021.

7. 2021/3275R NEGOCIADO DE SECRETARÍA XERAL

Moción do Grupo Popular para instar ao Ministerio de Transportes, Mobilidade e Infraestruturas a urxente reparación do túnel do Folgoso da autovía A-52 (sentido Ourense) e a súa máis inmediata reapertura ao tráfico.

8. MOCIÓN DE URXENCIA.

9. ROGOS E PREGUNTAS.

Así o dispón e o asina a Presidencia da Comisión, en Ourense, na data que consta na sinatura electrónica deste documento. Dou fe.